



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Estancias Clínicas II	Código	750G01026	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	para poder cursar esta materia es necesario tener aprobada la materia Estancias clínica I			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Sobrido Prieto, Natalia	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es	
Profesorado	Sobrido Prieto, Natalia Talegón López, Julia Margarita	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es j.talegonl@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	<p>Esta materia supón a primeira inmersión dos estudantes na contorna clínica, mediante prácticas reais en unidades de hospitalización.</p> <p>A través das mesmas deberán integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da Enfermería, para proporcionar cuidados ás persoas nas diferentes situacións de saúde.</p> <p>Os estudantes completarán os seus rotatorios con diferentes actividades que están orientadas á consecución de diferentes competencias da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermería para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1.- Traballar en equipo. Distinguir o rol da enfermeira e identificar o rol dos diferentes membros do equipo. Demostrar disposición para o traballo cooperativo dentro do equipo asistencial		A62	B1 B3 B5 B7 B11 B13 B14 B19 B24 C1 C3 C7 C10 C12
2.- Capacidade de comunicación Poñer en práctica os elementos básicos da comunicación enfermeira-persoa enferma.		A62	B7 B14 B15 B16 C1 C12
3.- Aplicar o proceso de atención de enfermaría. Aplicar na práctica asistencial os coñecementos aprendidos do proceso de atención de enfermaría Executar as técnicas e protocolos garantindo a seguridade e de acordo ao establecido na institución asistencial.		A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C10 C11 C12
4.- Incorporar á práctica profesional os principios éticos e legais que guían á profesión. Respectar as opinións, valores, crenzas das persoas e garantir a confidencialidade e privacidade da información persoal e clínica. Cumprir as normas de funcionamento das unidades ou servizos.		A62	B6 B16 B20 B24 C4 C11

Contidos	
Temas	Subtemas



PRÁCTICAS CLÍNICAS TUTELADAS, REALIZADAS EN UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN.	<ul style="list-style-type: none"> - Situación nun centro sanitario. Coñecemento do seu funcionamento e normas a seguir. - Integración nun equipo de saúde. - Ingreso do paciente. Protocolo de admisión. - Planificación de coidados. - Realización de técnicas e procedementos.
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	108	7	115
Portafolios do alumno	B1 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	0	30	30
Actividades iniciais	B6 B10 B11 C7	4	0	4
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	A práctica clínica é o proceso sistemático e organizado mediante o cal os estudantes integran os coñecementos e competencias da enfermaría e adquiren a formación clínica adecuada en centros asistenciais, baixo a tutorización do profesor asociado e de profesionais de enfermaría cualificados e a responsabilidade do profesor titular da materia. A realización das prácticas clínicas segundo a programación establecida desde a materia son de carácter obrigatorio.
Portafolios do alumno	Documento composto de diferentes seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto de todas as actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno. A realización e entrega a través de Moodle do portafolio é de carácter obrigatorio.
Actividades iniciais	Actividades que levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no medio hospitalario. Desenvólvense mediante dúas sesións en escenarios diferentes. Unha primeira sesión ten lugar no entorno académico e durante a mesma especificanse todos os aspectos necesarios e de interese para o correcto desenvolvemento da materia. Nunha segunda sesión reúnese aos alumnos dentro do entorno clínico onde se tratan aqueles aspectos específicos do medio no que se atopan, tratando de establecer unha sesión de acollida ao alumno no centro hospitalario en cuestión.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	Nas Prácticas Clínicas a atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos no entorno clínico orientándoos á consecución de competencias establecidas.
Portafolios do alumno	No desenvolvemento Portafolio a profesora responsable guía o proceso de maneira personalizada.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Informe da profesora asociada de prácticas clínicas, en coordinación coa responsable de cada unidade de enfermaría. Avaliaranse as seguintes competencias: 1) Comunicación/Relación 2) Proceso Enfermeiro 3) Alteracións da Saúde/Ciclo Vital 4) Técnicas e Procedementos 5) Traballo en Equipo 6) Ética Profesional	80
Portafolios do alumno	B1 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Documento composto de diferentes seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto de todas as actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno. A realización e entrega a través de Moodle do portafolio é de carácter obrigatorio.	20

Observacións avaliación



PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADEAs prácticas clínicas son obrigatorias e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas constitúen unha infracción grave e poden supoñer, a criterio do profesor titular responsable, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.As datas e horarios nas que cada estudante realizará as prácticas clínicas faranse públicas antes do inicio destas.A aplicación das porcentaxes correspondentes realizarase sempre e cando o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Portafolio) superadas de xeito independente. Cando o alumno non supere de xeito independente as dúas probas supoñerá a cualificación de SUSPENSO en acta. Se a media aritmética supera o 5, ao non ter superadas algunha das avalaicións, figurará con 4,9 en acta. O feito de non presentar o Portafolio e ter superado as prácticas clínicas implica figurar en acta como NON PRESENTADO, podendo presentalo na segunda oportunidade.As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida.Os estudantes que no demostren ter acadado as competencias avaliadas na práctica clínica na primeira oportunidade, serán sometidos a un exame práctico que deberán superar para poder acceder novamente ao entorno clínico e proceder á recuperación desta parte da materia.A materia atenderá ao establecido no Regulamento de Prácticas Clínicas e Prácticum da Facultade de Enfermería e Podoloxía, vixente no curso académico.**MATRÍCULA DE HONRA:**Poderán optar a matrícula de honra aqueles estudantes cunha media superior ao 9 quedando supeditada á consideración dos profesores da materia, se así o estimasen oportuno.**MATRÍCULA PARCIAL:**Os alumnos suxeitos a MATRICULA PARCIAL poderán solicitar un rotatorio en concreto, a través de Moodle e durante o período que se estableza para ese efecto e sempre antes da publicación definitiva coa asignación.**DISPENSA ACADÉMICA:**Dada a obrigatoriedade de asistencia á práctica clínica, nesta materia non se admite dispensa académica.**FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS**Segundo o establecido na normativa da UDC:1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantes ou un comportamento impropio, procederáse á expulsión inmediata do estudante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento."A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para convocatoria extraordinaria"

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- NANDA Internacional (2021). Diagnósticos enfermeros : definiciones y clasificación : 2021-2023. Barcelona: Elsevier- González Gomez, Inés Carmen. Herrero Alarcón, Angustias (2015). Técnicas y procedimientos de enfermería. Madrid: DAE- Howard K. Butcher & Gloria M. Bulechek & Joanne M. Dochterman & Cheryl Wagner (2018). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). Elsevier- Sue Moorhead & Elizabeth Swanson & Marion Johnson & Meridean L. Maas (2018). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). Elsevier- (2015). Herramienta online para la consulta y diseño de Planes de Cuidados de Enfermería. [Internet]. NNNConsult. Elsevier
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Anatomía/750G01001

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004

Farmacoloxía/750G01011

Situacións de risco para a saúde e radioloxía/750G01013

Estancias Clínicas I/750G01025

Enfermaría Clínica I/750G01034

Fisioloxía/750G01105

Fundamentos de Enfermaría/750G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Clínica II/750G01035

Materias que continúan o temario

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Practicum/750G01032

Observacións

* Os alumnos que cursen esta materia deberán haber superado la materia Estancias Clínicas I, que lles permita realizar unhas prácticas clínicas nunha contorna real como é o hospitalario. Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

- 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos
- 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural
- 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais
4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías